



# **OCUPACIÓN HOTELEIRA**

## **Análise nos destinos urbanos de Galicia**

**Xullo 2020**

---

**CONCELLO DE A CORUÑA**


---

*Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de A Coruña*

Xullo 2020		
<b>VIAXEIROS</b>	Nº	<b>23.204</b>
	Var. 20/19	-53,5%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	Nº	<b>50.309</b>
	Var. 20/19	-57,9%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>2,17</b>
	Var. 20/19	-9,5%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>45,14%</b>
	Var. 20/19	-26,63
<b>ADR (€)</b>	€	<b>64,2 €</b>
	Var. 20/19	-11,1%
<b>RevPAR (€)</b>	€	<b>30,3 €</b>
	Var. 20/19	-49,8%

*Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.*


Xullo 2020		
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	Nº	<b>20.593</b>
	Var. 20/19	-46,3%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>2.611</b>
	Var. 20/19	-77,3%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	Nº	<b>44.058</b>
	Var. 20/19	-53,4%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>6.251</b>
	Var. 20/19	-74,8%

**XULLO 2020**

- No pasado mes de xullo rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de A Coruña respecto do mesmo período do pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 53% e o volume de noites un 58%.
- Esta notable caída acontecida nun contexto covid19 con pequenos gromos a nivel autonómico e estatal rompe cunha tendencia de crecementos case consecutivos nos últimos cinco anos e deixa o nivel final de demanda levemente por encima das 50 mil noites –a cifra máis baixa da serie histórica-.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe de forma abrupta coa serie de anos anteriores.

- O 88% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 12% restante é de orixe internacional.
- Neste mes de xullo obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 53% o turismo de ámbito nacional e do 75% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 79% do total das noites hoteleiras en xullo do pasado ano ao 88% actual.
- Neste contexto negativo rexístrase tamén un descenso da estadia media nos hotéis e pensións da cidade. En particular, cae un 9,5% para situarse en preto de 2,2 noites –a segunda cifra máis elevada dos destinos urbanos de Galicia, só por detrás do valor rexistrado en Vigo-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 32% en relación ao pasado ano, con algo máis de 3.500 de media mensual –en termos absolutos iso supón 1.700 prazas menos que en xullo de 2019-.
- Este descenso é inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 71,8% en xullo do pasado ano ao 45,1% deste ano-. É, con todo, a porcentaxe máis elevada dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén neste primeiro mes do verán –un 11,1% en particular- situándose en 64,2 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambas circunstancias levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 49,8% para situarse en 30,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

*Noites hoteleiras no concello de A Coruña. Mes de xullo 2012-20*



## CONCELLO DE FERROL

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ferrol

Xullo 2020		
<b>VIAXEIROS</b>	Nº	<b>4.847</b>
	Var. 20/19	-25,6%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	Nº	<b>10.064</b>
	Var. 20/19	-32,7%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>2,08</b>
	Var. 20/19	-9,5%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>37,15%</b>
	Var. 20/19	-17,03

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


Xullo 2020		
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	Nº	<b>4.238</b>
	Var. 20/19	-25,1%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>609</b>
	Var. 20/19	-29,4%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	Nº	<b>9.115</b>
	Var. 20/19	-26,0%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>948</b>
	Var. 20/19	-64,0%

### XULLO 2020

- No pasado mes de xullo rexístrase un comportamento negativo da demanda hoteleira na cidade de Ferrol. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados descende un 25,6% e o volume de noites un 32,7% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Son caídas importantes pero inferiores ás rexistradas na maior parte dos destinos urbanos de Galicia. Neste sentido Ferrol é a cidade que presenta a taxa de caída menos acusada da comunidade.
- O descenso da demanda prodúcese nun contexto de mantemento da oferta dispoñible. En contraste co que se observa na maior parte dos destinos da comunidade, e mesmo no conxunto de Galicia, Ferrol conseguiu neste mes de xullo manter a oferta dispoñible nos niveis do pasado ano, co mesmo número de prazas –preto de 900 de media mensual-.
- En termos dinámicos esta caída engádese á observada en 2018 e 2019. Son, por tanto, tres anos consecutivos de descenso da demanda hoteleira en Ferrol neste mes de xullo, circunstancia agravada neste ano por mor da crise do Covid19, que deixa o nivel final en 10 mil noites –é o destino urbano de menor volume de demanda hoteleira-.

- O 91% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 9% restante é de orixe internacional.
- Neste mes obsérvase un comportamento negativo dos dous grandes segmentos de mercado, con caídas do 26% do turismo de ámbito nacional e do 64% do turismo internacional. Son descensos importantes pero de maior intensidade no ámbito do turismo estranxeiro –que fica por debaixo das 1.000 noites neste mes-, o que leva a unha perda da cuota de mercado respecto do pasado ano –pasa de representar o 18% en xullo de 2019 ao 9% actual-.
- Neste contexto negativo a estadía media hoteleira descende tamén en comparación co rexistrado no pasado ano, un 9,5%, para situarse preto de 2,1 noites –unha das máis elevadas dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto de estabilidade da oferta dispoñible, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación en comparación co pasado ano –descende en 17 puntos porcentuais para situarse no 37,1% de media, a cifra máis baixa dos últimos cinco anos pero superior á rexistrada en xullo de 2015-.

*Noites hoteleiras no concello de Ferrol. Mes de xullo 2015-20*



---

**CONCELLO DE LUGO**


---

*Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Lugo*

Xullo 2020		
<b>VIAXEIROS</b>	Nº	<b>7.516</b>
	Var. 20/19	-52,8%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	Nº	<b>11.641</b>
	Var. 20/19	-59,4%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>1,55</b>
	Var. 20/19	-13,9%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>28,94%</b>
	Var. 20/19	-25,43
<b>ADR (€)</b>	€	<b>41,5 €</b>
	Var. 20/19	-20,5%
<b>RevPAR (€)</b>	€	<b>15,5 €</b>
	Var. 20/19	-51,2%

*Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.*


Xullo 2020		
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	Nº	<b>7.066</b>
	Var. 20/19	-47,2%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>450</b>
	Var. 20/19	-82,4%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	Nº	<b>11.031</b>
	Var. 20/19	-54,8%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>610</b>
	Var. 20/19	-85,6%

**XULLO 2020**

- No pasado mes de xullo rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Lugo. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 53% e o volume de noites un 59% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Esta notable caída acontecida nun contexto covid19 con pequenos gromos a nivel autonómico e estatal rompe cunha tendencia de crecementos case consecutivos nos últimos cinco anos e deixa o nivel final de demanda preto das 12 mil noites –a cifra máis baixa da serie histórica-.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe de forma abrupta coa serie de anos anteriores, ficando en máis de 7 mil neste caso.

- Neste mes o 95% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 5% restante é de orixe internacional.
- En liña co acontecido a nivel global obsérvase un comportamento negativo dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 55% o turismo de ámbito nacional e do 86% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa cuota no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 85% do total das noites hoteleiras en xullo do pasado ano ao 95% actual.
- Neste contexto negativo rexístrase tamén un descenso da estadía media nos hoteis e pensións da cidade de Lugo. En particular, cae un 13,9% para situarse levemente por encima de 1,5 noites – a cifra máis baixa dos destinos urbanos de Galicia-. En xullo do pasado ano situábase en 1,8 noites.
- Descende o nivel de demanda nun contexto onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 24% en relación ao pasado ano, isto é, Lugo oferta de media este mes 400 prazas menos que en xullo de 2019. O descenso da oferta é inferior en todo caso ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 54,4% en xullo do pasado ano ao 28,9% deste ano-. Tamén neste caso Lugo rexistra a porcentaxe máis baixa dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén neste primeiro mes do verán –un 20,5% en particular- situándose en 41,5 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambas circunstancias levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae algo máis da metade, un 51,2% en particular, para situarse en 15,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

*Noites hoteleiras no concello de Lugo. Mes de xullo 2012-20*



---

**CONCELLO DE OURENSE**


---

*Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ourense*

Xullo 2020		
<b>VIAXEIROS</b>	Nº	<b>6.686</b>
	Var. 20/19	-51,0%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	Nº	<b>11.083</b>
	Var. 20/19	-50,4%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>1,66</b>
	Var. 20/19	1,2%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>37,26%</b>
	Var. 20/19	-17,39
<b>ADR (€)</b>	€	<b>57,2 €</b>
	Var. 20/19	4,3%
<b>RevPAR (€)</b>	€	<b>23,5 €</b>
	Var. 20/19	-29,2%

*Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.*

Xullo 2020		
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	Nº	<b>6.086</b>
	Var. 20/19	-48,0%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>600</b>
	Var. 20/19	-69,2%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	Nº	<b>9.978</b>
	Var. 20/19	-48,0%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>1.105</b>
	Var. 20/19	-65,1%


**XULLO 2020**

- No pasado mes de xullo rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ourense. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 51% e o volume de noites un 50% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Esta notable caída acontecida nun contexto covid19 contrasta co incremento rexistrado no pasado ano e sitúa o nivel final en pouco máis de 11 mil noites -practicamente a metade do volume de noites rexistrado en xullo de 2019-.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que sitúa a cifra final deste mes preto de 6.700 viaxeiros.



- Neste mes o 90% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 10% restante é de orixe internacional.
- En liña co acontecido a nivel global obsérvase un comportamento negativo dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 48% o turismo de ámbito nacional e do 65% o internacional.
- Os descenso son importantes pero de maior intensidade no ámbito internacional –tal como acontece en todos os destinos de Galicia e no conxunto da comunidade-. Isto leva a que este segmento perda cuota de mercado –catro puntos en comparación con xullo do pasado ano- e fiquen no 10% do total con 1.100 noites hoteleiras.
- Neste contexto negativo mantense relativamente estable a estadía media en máis de 1,6 noites.
- Descende o nivel de demanda nun contexto onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas descende nun 26,5% en relación ao pasado ano, o que se traduce en que Ourense ofertou de media este mes 345 prazas menos que en xullo de 2019 –con algo menos de mil prazas-.
- O descenso da oferta é inferior en todo caso ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 54,7% en xullo do pasado ano ao 37,3% deste 2020-. Son algo máis de 17 puntos de caída, dato importante pero que en termos comparativos é dos menos intensos de todas as cidades de Galicia.
- En contraste co que se observa nos restantes destinos urbanos de Galicia, as tarifas hoteleiras increméntanse neste primeiro mes do verán –un 4,3% en relación a xullo do pasado ano- situándose en 57,2 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Este incremento non é suficiente para contrarrestar a forte caída da demanda e dos niveis de ocupación, o que leva neste mes a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 29,2% para situarse en 23,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

*Noites hoteleiras no concello de Ourense. Mes de xullo 2012-20*



## CONCELLO DE PONTEVEDRA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Pontevedra

Xullo 2020		
<b>VIAXEIROS</b>	Nº	<b>8.180</b>
	Var. 20/19	-42,5%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	Nº	<b>16.470</b>
	Var. 20/19	-42,8%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>2,01</b>
	Var. 20/19	-0,5%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>39,34%</b>
	Var. 20/19	-30,48

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


Xullo 2020		
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	Nº	<b>7.368</b>
	Var. 20/19	-22,5%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>812</b>
	Var. 20/19	-82,7%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	Nº	<b>15.017</b>
	Var. 20/19	-31,7%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>1.454</b>
	Var. 20/19	-78,6%

### XULLO 2020

- No pasado mes de xullo rexístrase un comportamento negativo da demanda hoteleira na cidade de Pontevedra. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados descende un 42,5% e o volume de noites un 42,8% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Son caídas importantes que sitúan o nivel final de demanda levemente por encima das 16 mil noites. Con este dato Pontevedra supera en volume ás cidades de Lugo, Ourense e Ferrol e sitúase en cuarto lugar por detrás das tres máis importantes.
- O descenso da demanda prodúcese nun contexto de leve crecemento da oferta dispoñible. En contraste co que se observa en todas as cidades de Galicia e mesmo no conxunto da comunidade o concello de Pontevedra conseguiu non só recuperar senón mesmo superar o volume de oferta dispoñible de xullo do pasado ano –nun 2,2%, acadando algo máis de 1.300 prazas-.
- O 91% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 9% restante é de orixe internacional.

- Neste mes obsérvase un comportamento negativo dos dous grandes segmentos de mercado, con caídas do 32% do turismo de ámbito nacional e do 79% do turismo internacional. Son descenso importantes pero de maior intensidade no ámbito do turismo estranxeiro –que fica por debaixo das 1.500 noites neste mes-, o que leva a unha perda da cuota de mercado respecto do pasado ano –pasa de representar o 24% en xullo de 2019 ao 9% actual-.
- Neste contexto negativo a estadía media hoteleira mantense estable en dúas noites.
- Descende o nivel de demanda nun contexto de leve crecemento da oferta dispoñible –do 2,2%-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación en comparación co pasado ano –descende en pouco máis de 30 puntos porcentuais para situarse no 39,3% de media-. En xullo do pasado ano a ocupación media situábase preto do 70%.

*Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. Mes de xullo 2015-20*



## CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Santiago de Compostela

Xullo 2020		
<b>VIAXEIROS</b>	Nº	<b>28.954</b>
	Var. 20/19	-66,2%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	Nº	<b>54.330</b>
	Var. 20/19	-66,2%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>1,88</b>
	Var. 20/19	0,0%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>32,44%</b>
	Var. 20/19	-31,87
<b>ADR (€)</b>	€	<b>64,0 €</b>
	Var. 20/19	-13,9%
<b>RevPAR (€)</b>	€	<b>21,1 €</b>
	Var. 20/19	-58,3%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.

Xullo 2020		
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	Nº	<b>24.008</b>
	Var. 20/19	-50,6%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>4.946</b>
	Var. 20/19	-86,6%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	Nº	<b>45.308</b>
	Var. 20/19	-51,3%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>9.022</b>
	Var. 20/19	-86,7%


### XULLO 2020

- No pasado mes de xullo rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Santiago. Tanto a cifra de viaxeiros aloxados coma o volume de noites descende un 66%. Isto supón que se perderon dúas de cada tres noites rexistradas en xullo do pasado ano.
- Acontece isto nun contexto no que o nivel de oferta da cidade fica tamén por debaixo dos niveis rexistrados en xullo de 2019 –o volume de prazas ofertadas cae un 31,4%, con preto de 5.400 de media mensual-. En termos absolutos Santiago ofertou 2.400 prazas menos que no pasado ano.
- En termos comparativos Santiago rexistra a caída máis importante dos destinos urbanos de Galicia como consecuencia neste caso da súa maior dependencia do turismo receptor,

especialmente do mercado internacional. Con todo segue a manterse como o principal destino urbano da comunidade con máis de 54 mil noites neste primeiro mes do verán.

- Neste mes o 83% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 17% restante é de orixe internacional.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes pero con diferenzas de intensidade, do 51% o turismo de ámbito nacional e do 87% o internacional –porcentaxes referidas ás pernoctacións-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa do 58% do total das noites hoteleiras en xullo do pasado ano ao 83% actual. Acontece o contrario co mercado internacional, que perdeu 25 puntos de cuota pasando de representar o 42% do total en xullo do pasado ano ao 17% actual.
- Neste contexto negativo mantense estable a estadía media en preto de 1,9 noites.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible pero de menor intensidade. Isto leva en consecuencia a un empeoramento do nivel de ocupación que pasa do 64,3% en xullo do pasado ano ao 32,4% actual. Santiago rexistra por tanto a metade do nivel de ocupación de 2019 cun nivel de oferta inferior.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén neste primeiro mes do verán –un 13,9% en particular- situándose en 64,0 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambas circunstancias levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 58,3% para situarse en 21,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-. En xullo do pasado ano o RevPAR situábase en 50,7 euros.

*Noites hoteleiras no concello de Santiago de Compostela. Mes de xullo 2012-20*



## CONCELLO DE VIGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Vigo

Xullo 2020		
<b>VIAXEIROS</b>	Nº	<b>19.877</b>
	Var. 20/19	-54,1%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	Nº	<b>50.078</b>
	Var. 20/19	-51,7%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>2,52</b>
	Var. 20/19	5,1%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>37,06%</b>
	Var. 20/19	-31,81
<b>ADR (€)</b>	€	<b>55,2 €</b>
	Var. 20/19	-17,4%
<b>RevPAR (€)</b>	€	<b>25,7 €</b>
	Var. 20/19	-51,5%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.

Xullo 2020		
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	Nº	<b>16.212</b>
	Var. 20/19	-45,9%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>3.665</b>
	Var. 20/19	-72,4%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	Nº	<b>36.760</b>
	Var. 20/19	-51,0%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>13.318</b>
	Var. 20/19	-53,5%

### XULLO 2020

- No pasado mes de xullo rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Vigo. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 54% e o volume de noites un 52% en relación ao primeiro mes do verán de 2019. Supón iso unha perda de algo máis da metade das noites hoteleiras rexistradas no pasado ano.
- Acontece isto nun contexto no que o nivel de oferta da cidade fica tamén por debaixo dos valores rexistrados en xullo de 2019 –o volume de prazas ofertadas cae un 9,3%, con algo máis de 4.300 de media mensual-. En termos absolutos Vigo ofertou 400 prazas menos que no pasado ano. Neste sentido é o destino urbano que presenta a caída menos acusada e notoria da oferta dispoñible.

- Neste mes o 73% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 27% restante é de orixe internacional. Neste sentido Vigo é neste primeiro mes do verán o destino urbano de Galicia con maior peso do mercado internacional.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes de similar intensidade, do 51% o turismo de ámbito nacional e do 53% o internacional –porcentaxes referidas ás pernoctacións-. Tal circunstancia leva a que apenas varíen os pesos relativos de ambos segmentos, isto é, a súa cuota de mercado en relación ao rexistrado en xullo de 2019.
- Neste contexto negativo rexístrase un incremento da estadía media nos establecementos hoteleiros de Vigo, do 5,1%, para situarse en 2,5 noites. Son cinco anos consecutivos de mellora da estadía media neste primeiro mes do verán, circunstancia que leva a acadar neste 2020 un máximo na serie histórica.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible pero de menor intensidade. Isto leva en consecuencia a un empeoramento do nivel de ocupación que pasa do 68,9% en xullo do pasado ano ao 37,1% actual. Vigo rexistra xunto con Santiago unha das caídas máis notorias de Galicia no que respecta aos niveis de ocupación.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén neste primeiro mes do verán –un 17,4% en particular- situándose en 55,2 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambas circunstancias levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 51,5% para situarse en 25,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-. En xullo do pasado ano o RevPAR situábase en 53,1 euros.

*Noites hoteleiras no concello de Vigo. Mes de xullo 2012-20*

